



CONCELLOS

BARALLA

Anuncio

BASES REGULADORAS DA SELECCIÓN E CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 4 PEÓNS DE OBRAS PÚBLICAS, AO ABEIRO DO PROGRAMA "FOMENTO DO EMPREGO" (PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2022, DA DEPUTACIÓN DE LUGO).

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

Constitúe o obxecto da convocatoria, conforme ao previsto nas Bases Reguladoras do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2022, a contratación con carácter temporal e media xornada de **CATRO (4) PEÓNS DE OBRAS PÚBLICAS**.

SEGUNDA.- FUNCIÓNS E MODALIDADE E DURACIÓN DO CONTRATO

2.1-As tarefas que desenvolverá o persoal que se contrate ao abeiro deste programa, encádranse en servizos públicos esenciais para acondicionamento, mantemento dos servizos básicos municipais e obras de reparación en xeral, como :

-Labores de conservación do medio ambiente: tales como conservación de parques e xardíns públicos, xestión de residuos urbanos, mantemento e reparación de alumeadado público.

-Tarefas de apoio para garantir o abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.

-Traballos de mellora e mantemento da infraestrutura viaria.

-Labores de salubridade pública no que ao cemiterio e actividades funerarias se refire.

2.2- A modalidade dos contratos laborais será de duración determinada regulada no artigo 15.1 do Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro.

2.3- A duración temporal dos contratos será de 6 meses.

TERCEIRA.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.

Para ser admitido/a no proceso selectivo, os aspirantes deberán reunir, na data de remate do prazo de presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

a) Nacionalidade:

a.1) Ter a nacionalidade española.

a.2) Ser nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado en que, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

a.3) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, e dos nacionais dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estivesen separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de 21 anos ou maiores de dita idade dependentes.

b) **Capacidade funcional:** non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das tarefas do emprego a que se aspira.

As persoas que resulten seleccionadas achegarán antes da sinatura do contrato, certificación médica ou equivalente, acreditativa de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións

A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación.

c) **Idade:** ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) **Habilitación:** non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

e) **Titulación:** Non se esixe estar en posesión de ningunha das titulacións do sistema educativo.

f) É imprescindible que as persoas a contratar a través deste programa produzan novas contratacións no Concello de Baralla, polo que a situación de procedencia dos candidatos debe ser a de desemprego ou de mellora de emprego con independencia de que a xornada laboral sexa parcial ou completa.

Para poder participar os candidatos deberán presentar a tarxeta de demandante de emprego ou mellora de emprego para os casos anteriormente mencionados.

Os requisitos citados deberán reunirse con referencia ó derradeiro día do prazo de presentación de instancias, debendo continuar en posesión dos mesmos durante todo o proceso selectivo.

CUARTA .- SOLICITUDES

4.1. A solicitude para tomar parte nas correspondentes probas selectivas axustarase ó modelo que figura como Anexo I ás presentes Bases, que se facilitará no Rexistro Xeral do Concello e na páxina web do Concello de Baralla www.concellobaralla.es, dirixida ao Sr. Alcalde do Concello de Baralla.

O prazo de presentación de solicitudes será de cinco (5) días hábiles contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP).

Xunto coas instancias solicitando participar no proceso, deberá presentarse a seguinte documentación, orixinal ou copia compulsada:

- a) Fotocopia do documento nacional de identidade, pasaporte ou tarxeta de residencia.
- b) Declaración responsable, asinada polo/a aspirante, de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non ter sido separado/a do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme nin encontrarse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, ou para exercer función similares ás que se desempeñaba no caso do persoal laboral, segundo o modelo que figura nestas bases como Anexo I.
- c) No caso de ser nacional doutro Estado, declaración responsable, asinada polo/a aspirante, de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidades recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.
- d) Fotocopia da documentación acreditativa dos méritos que os/as aspirantes aleguen para a súa valoración no concurso. A falta de acreditación dos méritos alegados na correspondente instancia, determinará a imposibilidade de valoración dos mesmos.
- e) Certificación, de ser o caso, acreditativa do grao de discapacidade.
- f) Tarxeta de demandante de emprego ou de mellora de emprego.

4.2 As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral de entrada do concello de Baralla.

Poderanse, así mesmo, remitir na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Se a solicitude se presentara fora do rexistro do Concello de Baralla, e co fin de axilizar os trámites, se deberá remitir unha comunicación ao fax do concello (982363221) ou ao correo electrónico concellobaralla@concellobaralla.es antes da data de expiración do prazo, comunicando a presentación da solicitude, co selo de Correos ou do rexistro correspondente.

QUINTA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución, no prazo máximo de dez días que conterà:

- A lista provisional de admitidos e excluídos xuntamente coas causas que motivaron a exclusión.
- A designación do tribunal cualificador e a data da súa constitución.

- A data, hora e lugar de realización das probas de oposición.

Esta resolución publicarase no Taboleiro de Edictos e na páxina web do Concello, sinalándose un prazo de dous (2) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución para que os aspirantes excluídos poidan emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

No caso de non haber excluídos ou de habelos non presentar reclamacións, a lista provisional elevarase a definitiva automaticamente.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca.

Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o procedemento selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os/as interesados/as decaerán en todos os dereitos que puidesen derivar da súa participación no procedemento.

Os datos personais (nome, apelidos, dirección aos efectos de notificacións) dos candidatos que participen no procedemento selectivo, serán utilizados unicamente para o fin do presente procedemento selectivo, e co fin de dar cumprimento ao principio de publicidade esixido na vixente lexislación

SEXTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

O tribunal estará constituído por un número impar de membros, funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo, non inferior a cinco, debendo designarse o mesmo número de suplentes, un dos cales actuará coma presidente e outro coma secretario do tribunal e terá a seguinte composición:

Presidente/a: Un/unha funcionario/a de carreira ou persoal laboral pertencente a grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso á praza convocada.

Secretaria: A da Corporación ou persoa que faga as súas veces.

Vogais: Tres funcionarios/as de carreira ou persoal laboral dunha administración local designados pola alcaldía e pertencentes ao grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso á praza convocada.

Na designación dos membros do tribunal garantirase a súa composición paritaria entre homes e mulleres, con só unha diferenza de un entre ambos os dous sexos, ó ser a súa composición impar.

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, cando concorran neles, circunstancias das previstas no 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas na presente base, conforme o artigo 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, cando menos, de tres dos seus membros.

En todo caso requírese a asistencia do presidente e do secretario ou dos que legalmente os substitúan.

O procedemento de actuación do tribunal axustarase ao disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, levantando de cada sesión acta, que se autorizará, coa sinatura do secretario e co visto e praxe do Presidente.

Os tribunais poderán dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores, actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

O tribunal resolverá, por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias.

SÉPTIMA.- PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN

O procedemento de selección será o concurso-oposición.

7.1) FASE DE OPOSICIÓN (puntuación máxima 10 puntos).

Realización dun exercicio que consistirá en contestar por escrito a un cuestionario tipo test, de 10 preguntas con respostas alternativas das que só unha será correcta, baseadas no contido do programa da convocatoria relacionado no ANEXO III, durante un período de 30 minutos. Terá carácter obrigatorio e non será eliminatorio para os aspirantes.

As respostas correctas valoraranse cada unha con 1 punto e as non contestadas ou contestadas incorrectamente non penalizarán.

7.2) FASE DE CONCURSO (puntuación máxima 5 puntos).

Rematada a fase de oposición procederase á valoración de méritos dos aspirantes.

a) Experiencia profesional (máximo 3) puntos.

- 0,25 puntos por cada mes completo traballado nunha administración local, como funcionario ou como laboral, en postos iguais ou similares ao que aspira.
- 0,15 puntos por cada mes completo traballado en calquera outra administración pública, como funcionario ou laboral, en postos iguais ou similares ao que aspira.
- 0,12 puntos por cada mes traballado na empresa privada, en postos iguais ou similares ao que aspira.

Os servizos prestados a tempo parcial computaranse de forma proporcional ós prestados a xornada completa.

Os méritos alegados polos aspirantes acreditaranse do seguinte xeito:

- Os servizos prestados nas administracións públicas, acreditaranse mediante informe de vida laboral acompañado de certificación, expedida pola autoridade ou funcionario competente, donde conste o tempo de traballo na categoría a que se opta.

Aqueles aspirantes que traballaron no Concello de Baralla, unicamente terán que facelo constar e non terán que presentar a certificación a que fai referencia este parágrafo

- Os servizos prestados nas empresas privadas, acreditaranse mediante informe de vida laboral acompañado de os documentos orixinais ou copias compulsadas dos contratos acreditativos da relación laboral do aspirante.

En todo caso, dos citados documentos deberá desprenderse as funcións e tarefas realizadas.

b) Formación (máximo 2 puntos).

Valoraranse os títulos e cursos de formación e perfeccionamento recibidos, sempre que se atopen relacionados coas funcións a desenvolver e organizados, ben por unha Administración Pública ou organismos ou institución dependentes das administracións públicas homologadas:

- Por cursos de 10 a 20 horas de duración: 0,10 puntos.
- Por cursos de 21 a 40 horas de duración: 0,20 puntos.
- Por cursos de 41 a 100 horas de duración: 0,30 puntos.
- Por cursos de máis de 100 horas de duración: 0,50 puntos.

Non se valoraran os cursos que non especifiquen o número de horas.

Valoraranse en todo caso os cursos sobre prevención de riscos laborais e seguridade e hixiene no traballo.

No suposto de que a duración do curso se exprese en días, establécese unha equivalencia de 5 horas por cada día de curso.

Forma de acreditar os méritos: Deberá presentar o título ou certificación expedido pola entidade pública que o impartiu e/ou financiou, acreditativo da súa realización.

O Tribunal valorará no seu conxunto e por unha sola vez, os cursos que sexan de natureza análoga e contido curricular similar. O mesmo curso realizado en máis dunha ocasión só será valorado unha vez, valorándose o de maior duración.

Os servizos prestados e cursos que a xuízo do Tribunal non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias do posto de traballo obxecto da presente convocatoria non serán puntuados.

O Tribunal, en ningún caso, poderá valorar o non achegado e probado polos aspirantes na documentación presentada coa instancia solicitude, sen que sexa admisible a concesión de prazo ningún para emendas ou subsanacións con posterioridade ao día de remate do prazo de presentación daquela.

OITAVA.- CUALIFICACIÓN FINAL E PROPOSTA DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN.

A puntuación total de cada aspirante no proceso selectivo virá determinada pola suma dos puntos acadados na fase do concurso e na fase da oposición.

En caso de empate de puntuacións resolverase a favor dos aspirantes que acaden maior número de puntos na fase de oposición.

De persistir o empate resolverase a favor dos aspirantes que acaden maior número de puntos no primeiro, segundo e terceiro apartado, sucesivamente, da fase do concurso. Se persiste o empate, resolverase por sorteo público.

O Tribunal publicará, no Taboleiro de Edictos e na páxina web do Concello, a relación dos candidatos, por orde da puntuación obtida, coa indicación da puntuación acadada en cada unha das fases do proceso selectivo e elevará ao Alcalde a proposta dos candidatos pola súa orde de prelación aos efectos da provisión do posto.

Concederáse un prazo de 2 días hábiles, a contar desde a publicación para a presentación de reclamacións.

Non obstante, para o caso de que se produza a renuncia dos aspirantes seleccionados, con anterioridade ou despois de celebrar o correspondente contrato laboral, así como para a cobertura de posibles baixas, substitucións, etc, o órgano de selección elaborará unha lista de reserva, por orde de puntuación, co fin de asegurar a cobertura do posto.

NOVENA.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.

Os candidatos propostos para ser contratados deberán achegar no prazo de cinco (5) días naturais, a seguinte documentación, agás que xa a presentara anteriormente xunto coa instancia de participación:

- Certificación médica na que se faga constar expresamente que o aspirante reúne a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo. Esta certificación non poderá ter una antigüidade superior aos tres (3) meses anteriores ao día de remate do prazo de presentación de instancias, acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.
- Copia compulsada da tarxeta da Seguridade Social.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base e agás nos casos de forza maior ou cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 3ª, non poderán ser contratados sen prexuízo da responsabilidade en que incorresen por falsidade na solicitude de participación. Neste caso procederáse a notificar ao candidato que obtivese a seguinte maior puntuación para que achegue a referida documentación, procedéndose do mesmo xeito que no suposto anterior.

DECIMA. RESOLUCIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

Á vista da proposta do Tribunal Cualificador e constatado que os aspirantes acreditaron os requisitos esixidos para o contrato, o Alcalde-Presidente resolverá o procedemento selectivo e procederá á formalización dos contratos laborais temporais a tempo parcial, segundo o previsto na lexislación laboral aplicable.

DECIMO PRIMEIRA.-INCIDENCIAS E LEXISLACIÓN APLICABLE

O tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presentaren e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo canto non estea previsto nestas bases.

En todo o non previsto nestas bases, serán de aplicación ás probas selectivas as seguintes disposicións:

- Bases reguladoras do Plan Provincial Único de cooperación cos Concellos da Deputación Provincial de Lugo 2021.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local.
- Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, de 13 de xuño (naquelas disposicións básicas).
- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 10/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Lei 30/84, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública (na aquelas disposicións aínda vixentes e que sexan básicas).
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local.
- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables.

DÉCIMO SEGUNDA.- IMPUGNACIÓN.

Estas bases, a súa convocatoria e cantos actos administrativos deriven da mesma, así como as actuacións do Tribunal poderán ser impugnadas polos interesados nos casos e na forma establecida na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

ANEXO I -MODELO DE SOLICITUDE

D/a.....con D.N.I. nº.....con
 enderezo (para efectos de notificacións) na R/.....

nº.....piso.....C.Postal.....Localidade.....Municipio.....
 Provincia.....Teléfono.....correo electrónico.....

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo Concello de Baralla para a contratación laboral temporal a tempo parcial de 4 prazas de PEÓNS OBRAS PÚBLICAS

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE.

PRIMEIRO.- Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria e que reúno todos os requisitos esixidos polas mesmas para participar neste proceso selectivo.

SEGUNDO.- Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, que non padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que opto e que non estou separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

TERCEIRO.- Que autorizo ó Concello do Baralla para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios do concello e calquera outro medio que se estime, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

CUARTO.- Que alego e acredito os seguintes méritos que se relacionan no Anexo II, que se achega coa presente solicitude.

Polo exposto **SOLICITO** ser admitido/a para participar no referido procedemento, presentando a documentación seguinte:

(TACHAR O QUE PROCEDA)

- Fotocopia do DNI, pasaporte ou tarxeta de residencia
- Fotocopia da Tarxeta de demandante de emprego
- Fotocopia do carnet de conducir

....., de.....de 2023

O/A solicitante,

Asdo.:-----

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BARALLA

Os datos facilitados serán tratados nos ficheiros de datos dos expedientes e procedementos titularidade do CONCELLO DE BARALLA para o exercicio das función e competencias atribuídas ó CONCELLO DE BARALLA na lexislación vixente. Os INTERESADOS poderán exercer os dereitos establecidos na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, coas limitacións establecidas legalmente, ó tratarse de datos que obran nos expedientes e procedementos que xestiona a Administración Pública Municipal, no Rexistro Xeral do Concello, na dirección Rúa Evaristo Correa Calderón 58, 27680, Baralla (Lugo).

ANEXO II. VALORACIÓN DE MÉRITOS

NOME E APELIDOS: _____

DNI. núm.: _____

A.-EXPERIENCIA PROFESIONAL

Administración Local/ outrasAdministracións Públicas/ Empresa	Categoría	Xornada(%)	Período		Total		
			Desde	Ata	Días	Meses	Anos

B.- CURSOS DE FORMACIÓN.

Denominación	Impartido por:	Nº horas

Anuncio publicado en: Num BOP 16 año 2023 (20/01/2023 08:00:00)

ANEXO III.-TEMARIO**Tema 1**

Coñecemento de materiais e ferramentas utilizadas no servizo de limpeza viaria e desbroce de camiños públicos.

Tema 2

Sinalización vial en traballos de roza de cunetas.

Tema 3

Seguridade e saúde nos traballos de protección individual. Métodos xerais de protección de accidentes. Primeiros auxilios ao accidentado.

Tema 4

Maquinaria, útiles e ferramentas do peón de obras.

Tema 5

Concello de Baralla. Situación Xeográfica, parroquias, barrios e vías de comunicación, turismo e patrimonio.

Baralla, 16 de xaneiro de 2023.- O Alcalde, Miguel González Piñeiro.

R. 0109

BECERREÁ*Anuncio*

Por Acordo da Xunta de Goberno Local deste Concello adoptado en sesión de data 12 de xaneiro de 2023, aprobouse a Oferta de Emprego Público correspondente a a/s praza/s que a continuación se relacionan para o ano 2023.

PERSOAL FUNCIONARIO

Escala de Administración Xeral:

GRUPO	SUBGRUPO	SUBESCALA	Núm. VACANTES	DENOMINACIÓN CATEGORÍA
C	C2	AUXILIAR	1	AUXILIAR ADMINISTRATIVO

PERSOAL LABORAL

GRUPO	SUBGRUPO	Núm. VACANTES	DENOMINACIÓN CATEGORÍA	ESPECIALIDAD
C	C2	1	AUXILIAR ADMINISTRATIVO	MONITOR DE OCIO E TEMPO LIBRE

En cumprimento do artigo 91 da Lei 7/1985, de 2 de abril, da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, o artigo 70 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro.

Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente ou recurso de reposición potestativo ante a Alcaldía, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte da publicación do presente anuncio, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo a contar desde o día seguinte da publicación no BOE, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que se poida interpor calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

Becerreá, 10 de xaneiro de 2023.- O alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 0110

Anuncio

Expediente nº: 1308/2022

Con data 15 de xaneiro de 2023, dictouse decreto da Alcaldía N.º 2023-0023 do seguinte teor literal:

“DECRETO.-

Visto o disposto nas bases que rexerán o proceso excepcional e libre para a consolidación e estabilización das prazas de conductor e encargado de mantemento da EDAR, incluídos na Relación de Postos de Traballo desta entidade local, ocupados temporalmente de xeito ininterrumpido con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2005, bases aprobadas por Resolución desta Alcaldía nº 2022-0775 de data 11/11/2022.

No exercicio das competencias que me confire a vixente lexislación sobre réxime local, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación a lista definitiva de admitidas/os e excluídas/os, no proceso de referencia:

ENCARGADO MANTENIMENTO ESTACIÓN DEPURADORA (EDAR)

-Admitidos

Primeiro Apelido	Segundo Apelido	Nome	DNI	Exento Proba Galego
Fernández	González	José Luis	76****16Q	SI

-Excluídos:

Ningún.

CONDUCTOR

-Admitidos:

Primeiro Apelido	Segundo Apelido	Nome	DNI	Exento Proba Galego
Santín	Amigo	Manuel	33****41N	SI

-Excluídos:

Ningún.

SEGUNDO.- Esta resolución publicarase no Boletín Oficial de Provincia e na súa sede electrónica, e contra a cal se poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano, no prazo de un mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no Boletín oficial da Provincia de Lugo, de conformidade co establecido na LPAC, ou poderase interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de conformidade co disposto no Art. 8.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o procedemento selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os interesados decaerán en todos os dereitos que puideran derivar da súa participación no procedemento.

Ordenao e asinado electrónicamente o señor Alcalde-Presidente.”

Becerreá, 15 de xaneiro de 2023.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 0111

Anuncio

Expediente nº: 1364/2022

Con data 15 de xaneiro de 2023, dictouse decreto da Alcaldía N.º 2023-0024 do seguinte teor literal:

“DECRETO.-

Visto o disposto nas bases que rexerán o proceso excepcional e libre para a consolidación e estabilización das prazas de limpiador-a, incluídos na Relación de Postos de Traballo desta entidade local, ocupados temporalmente de xeito ininterrumpido con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2005, bases aprobadas por Resolución desta Alcaldía nº 2022-0777 de data 11/11/2022.

No exercicio das competencias que me confire a vixentelexislación sobre réxime local, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación a lista definitiva de admitidas/os e excluídas/os, no proceso de referencia:

LIMPIADORA

-Admitidos:

PrimeiroApellido	Segundo Apellido	Nome	DNI	Exento Proba Galego
Castro	Fontal	María Carmen	33****79Q	SI

-Excluídos: NINGÚN

SEGUNDO.-Esta resolución publicarase no Boletín Oficial de Provincia e na sede electrónica, e contra a cal se poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano, no prazo de un mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no Boletín oficial da Provincia de Lugo, de conformidade co establecido na LPAC, ou poderase interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de conformidade co disposto no Art. 8.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o procedemento selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os interesados decaerán en todos os dereitos que puideran derivar da súa participación no procedemento.

Ordenao e asínao electrónicamente o señor Alcalde-Presidente.”

Becerreá, 15 de xaneiro de 2023.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 0112

Anuncio

Expediente nº: 1365/2022

Con data 15 de xaneiro de 2023, dictouse decreto da Alcaldía N.º 2023-0021 do seguinte teor literal:

“Visto o disposto nas bases que rexerán o proceso excepcional e libre para a consolidación e estabilización das prazas de conductor operario de servizos múltiples, incluído na Relación de Postos de Traballo desta entidade local, ocupado temporalmente de xeito ininterrompido con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2005, bases aprobadas por Resolución desta Alcaldía nº 2022-0779 de data 13/11/2022.

No exercicio das competencias que me confire a vixentelexislación sobre réxime local, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación a lista definitiva de admitidas/os e excluídas/os, no proceso de referencia:

CONDUCTOR OPERARIO/A DE SERVICIOS MULTIPLES

-Admitidos

PrimeiroApellido	Segundo Apellido	Nome	DNI	Exento Proba Galego
González	Casas	Pablo	76****85J	SI

-Excluídos:

Ningún.

SEGUNDO.-Esta resolución publicarase no Boletín Oficial de Provincia e na sede electrónica, e contra a cal se poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano, no prazo de un mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no Boletín oficial da Provincia de Lugo, de conformidade co establecido na LPAC, ou poderase interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de conformidade co disposto no Art. 8.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o procedemento selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os interesados decaerán en todos os dereitos que puideran derivar da súa participación no procedemento.

Ordenao e asínoa electrónicamente o señor Alcalde-Presidente.”

Becerreá, 15 de xaneiro de 2023.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 0113

Anuncio

Expediente nº: 1374/2022

Con data 15 de xaneiro de 2023, dictouse decreto da Alcaldía N.º 2023-0022 do seguinte teor literal:

“**DECRETO.-**

Visto o disposto nas bases que rexerán o proceso excepcional e libre para a estabilización das prazas de oficial C2, incluídos na Relación de Postos de Traballo desta entidade local, bases aprobadas por Resolución desta Alcaldía nº 2022-0789 de data 15/11/2022.

No exercicio das competencias que me confire a vixente lexislación sobre réxime local, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación a lista definitiva de admitidas/os e excluídas/os, no proceso de referencia:

OFICIAL C2

-Admitidos:

PrimeiroApelido	Segundo Apelido	Nome	DNI	Exento Proba Galego
Rodríguez	Carrete	Francisco Oscar	76****75 W	SI

-Excluídos: NINGÚN

SEGUNDO.-Esta resolución publicarase no Boletín Oficial de Provincia e na sede electrónica, e contra a cal se poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano, no prazo de un mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no Boletín oficial da Provincia de Lugo, de conformidade co establecido na LPAC, ou poderase interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de conformidade co disposto no Art. 8.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o procedemento selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os interesados decaerán en todos os dereitos que puideran derivar da súa participación no procedemento.

Ordenao e asínoa electrónicamente o señor Alcalde-Presidente.”

Becerreá, 15 de xaneiro de 2023.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 0114

Anuncio

Expediente nº: 1366/2022

Con data 15 de xaneiro de 2023, dictouse decreto da Alcaldía N.º 2023-0026 do seguinte teor literal:

“**DECRETO.-**

Visto o disposto nas bases que rexerán o proceso excepcional e libre para a estabilización das prazas de unha Traballadora Social e unha auxiliar de axuda no fogar, incluído na Relación de Postos de Traballo desta entidade local, bases aprobadas por Resolución desta Alcaldía nº 2022-0781 de data 13/11/2022.

No exercicio das competencias que me confire a vixente lexislación sobre réxime local, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación a lista definitiva de admitidas/os e excluídas/os, no proceso de referencia:

TRABALLADORA SOCIAL**-Admitidos:**

Primeiro Apelido	Segundo Apelido	Nome	DNI	Exento Proba Galego
García	Villaamil	Carmen	33****89 L	SI

-Excluídos: NINGÚN**AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR****-Admitidos:**

Primeiro Apelido	Segundo Apelido	Nome	DNI	Exento Proba Galego
González	López	María Gomersinda	76****05 X	SI

-Excluídos: NINGÚN

SEGUNDO.-Esta resolución publicarase no Boletín Oficial de Provincia e na sede electrónica, e contra a cal se poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano, no prazo de un mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no Boletín oficial da Provincia de Lugo, de conformidade co establecido na LPAC, ou poderase interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de conformidade co disposto no Art. 8.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o procedemento selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os interesados decaerán en todos os dereitos que puideran derivar da súa participación no procedemento.

Ordenao e asínao electrónicamente o señor Alcalde-Presidente.”

Becerreá, 15 de xaneiro de 2023.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 0140

*Anuncio***Expediente nº: 1368/2022**

Con data 16 de xaneiro de 2023, dictouse decreto da Alcaldía 2023-0032 do seguinte teor literal:

“DECRETO.-

Visto o disposto nas bases que rexerán o proceso excepcional e libre para a estabilización das praza de ARQUITECTO MUNICIPAL A TEMPO PARCIAL, incluído na Relación de Postos de Trballo desta entidade local, bases aprobadas por Resolución desta Alcaldía nº 2022-0786 de data 14/11/2022.

Visto que con data 15 de xaneiro se dicta Decreto número 2023-0025 resolvendo a relación definitiva de admitidos e excluídos no procedemento excepcional de referencia pero por erro omitíuse ao aspirante Don Roque Álvarez Arosa que solicitou participar en dito proceso.

Visto o establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas conforme ao que as Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Visto o establecido na base quinta apartado f) e no epígrafe 5º da Ordenanza reguladora da taxa por documentos que expiden ou de que entenden as Adminnistracións ou Autoridades Locais a instancia de parte aprobada polo Pleno do Concello en sesión de data 30 de setembro de 2003 e posteriormente modificada, a derradeira, por acordo plenario de 1 de abril de 2019.

No exercicio das competencias que me confire a vixente lexislación sobre réxime local, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación a lista provisional de admitidas/os e excluídas/os, no proceso de referencia:

ARQUITECTO MUNICIPAL A TEMPO PARCIAL**-Admitidos :**

Primeiro Apelido	Segundo Apelido	Nome	DNI	Exento Proba Galego
López	Vázquez	Manuel Eduardo	33****62 C	NON

-Excluídos:

Primeiro Apelido	Segundo Apelido	Nome	DNI	Exento Proba Galego	Causa de exclusión
Álvarez	Arosa	Roque	76****71F	SI	Non aportar xustificante de ter aboados 25 € en concepto de taxa.

SEGUNDO.-Esta resolución publicarase no Boletín Oficial de Provincia e na sede electrónica, relacionándose os aspirantes excluídos con indicación da causa de exclusión. Os excluídos disporán do prazo de dez días hábiles a efectos de reclamacións ou corrección das deficiencias sinaladas.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o procedemento selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os interesados decaerán en todos os dereitos que puideran derivar da súa participación no procedemento.

Ordenao e asínoa electrónicamente o señor Alcalde-Presidente.

Pola secretaría tómase razón para a súa transcripción no Libro de Resolucións, aos sos efectos de garantir a súa integridade e autenticidade.”

Becerreá, 16 de xaneiro de 2023.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 0146

BEGONTE*Anuncio*

Elevado a definitivo o acordo provisional do Pleno desta Corporación Municipal, de data 18 de novembro de 2022, de aprobación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Prezo Público polo uso de Ximnasio Municipal, en cumprimento do disposto no art. 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, faise público o texto íntegro da mesma.

Contra o referido acordo, que pon fin á vía administrativa, poderán interpoñerse no prazo de 2 meses, a contar desde a publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, o recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos establecidos na normativa reguladora da dita xurisdicción.

ORDENANZA FISCAL MUNICIPAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLO USO DE XIMNASIO MUNICIPAL.**Artigo 1.- Fundamento e natureza.-**

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, e de conformidade con canto se establece no artigo 127, en relación co 41, ambos os dous do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece o prezo público polo uso do ximnasio municipal.

Artigo 2.- Obrigados ao pago.

- 1.- Están obrigados ao pago do prezo público, todos aqueles que fagan uso das instalacións do ximnasio municipal.
- 2.- No caso de menores actuarán como substitutos do obrigado, o pai, nai outitor.

Artigo 3º.- Devengo e obriga de pagar.

O devengo e a obriga de pagar o prezo público regulado nesta Ordenanza nace desde o momento no que o interesado manifesta a súa intención de facer uso das instalacións.

Artigo 4.- Normas de xestión.

1.- Os usuarios deberán de atender e cumprir en todo momento as normas de funcionamento das instalacións aprobadas por parte do concello.

O prezo público abonarase en réxime de autoliquidación mediante o ingreso polo obrigado en calquera das contas bancarias operativas abertas a nome do Concello. O pago poderá ser mensual ou por trimestres, e de forma anticipada, debendo abonarse a primeiramensualidadeou, no seu caso trimestralidade, na data de inscrición.

2.- No suposto de que por causas non imputables aoobrigadoao pago do prezo, o servizo non se desenvolva, procederá a devolución do importe correspondente.

As débedas derivadas desteprezo público poderánesixirse polo procedemento administrativo de constrinximento e de conformidade coa normativa de recadación aplicable.

Artigo 5.- Contía

O establecemento e contía do prezo público regulado nesta ordenanza, de conformidadeco establecido no artigo 47.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, será o que fixe en cada caso a Xunta de Goberno Local en atención aoseucusto.

O importe dos prezos públicos deberá cubrir como mínimo o custo do servizo prestado.

Cando existan razón sociais, benéficas, culturaisou de interese público que así o aconsellen, a entidadepoderáfixarprezos públicos por debaixo dos límites previstos no apartado anterior. Neste caso consignaranse no orzamento municipal as dotacións oportunas para a cobertura da diferenza resultante, se ahoubese.

Disposición Final.-

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e unha vez teña transcorrido o prazo a que se refire o artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, en relación co artigo 65.2 da mesma, manténdose en vigor ata a súa modificación oulderogación expresa.

Begonte, a 12 de xaneirode 2023.- O ALCALDE, José Ulla Rocha.

R. 0115

CASTROVERDE*Anuncio*

Que pola xunta de goberno celebrada o día 11 de xaneiro, ditouse a seguinte resolución, aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de decembro de 2022, e expone ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Castroverde, 12 de xaneiro de 2023, O Alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 0116

FRIOL*Anuncio***APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO MES DE DECEMBRO DE 2022**

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 9de xaneiro de 2023, prestou aprobación ao Padrón do Prezo Público do Servizo de Axuda no Fogar do mes deDECEMBRO de 2022, por un importe total de 6.370,24 €uros.

Segundo o disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento doscontribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días, contados a partirda publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poda serexaminado e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se,transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulase ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do rematedo período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderán interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei

Reguladora da referida xurisdición. No entanto, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Inícase así mesmo o procedemento de recadación, séndolles adebedados os correspondentes recibos no respectivo número de conta bancaria

Friol, 12 de xaneiro de 2023.- O Alcalde-Presidente, José Ángel Santos Sánchez.

R. 0117

GUITIRIZ

Anuncio

APROBACIÓN DO ACORDO REGULADOR DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DA PISTA DE PADEL.

Conforme o disposto nos artigos 41, 47 e 127 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público a efectos de coñecemento xeral e publicidade que o Pleno da Corporación nas sesións extraordinarias celebradas o 10 de novembro e 22 de decembro de 2022 acordou o establecemento do prezo público pola utilización da pista de padel co seguinte tenor literal:

“TITULO PRELIMINAR.

Artigo 1. Concepto.

De conformidade co previsto no artigo 127, en relación co artigo 41, do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece o prezo público para a utilización das instalacións da pista de padel.

Artigo 2. Obrigados ao pago.

Están obrigados ao pago do prezo público regulado nesta normativa quen se beneficie dos servizos prestados por este Concello, a que se refire o artigo anterior, utilizando a pista de pádel municipal.

Artigo 3. Contía e modificación.

3.1 A contía do servizo de utilización da pista de padel municipal será de 3 euros/usuario polos usos durante a semana e de 5 euros /usuario polos usos durante o fin de semana e festivos. Os nenos/as menores de 14 anos terán unha bonificación do 100 por 100 do prezo público

3.2 A competencia para a modificación da contía do prezo público ao que se refire a presente ordenanza encoméndase á Xunta de Goberno Local, de conformidade coa facultade regulada no artigo 47.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

A modificación realizarase a proposta da alcaldía, debendo constar, como mínimo:

- Unha memoria económico financeira da que se deduza que o importe do prezo público cubre, como mínimo, o custe do servizo ou, de ser o caso, a porcentaxe do mesmo que será asumido con cargo aos orzamentos municipais.

- O importe da tarifa modificada.

- A xustificación razoada das razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que, de ser o caso, aconsellen a fixación dos prezos públicos por debaixo do custe do servizo.

Artigo 4. Pagamento.

A obriga de pago do prezo público regulado neste acordo nace dende que se solicita a prestación do servizo a través da plataforma habilitada, para tal efecto, polo concello, polo tanto desde que se reserva a utilización da pista. Pódese anular a reserva a prestación do servizo con 24 horas de antelación.

Artigo 5. Xestión e pago.

As cotas pola prestación do servizo de utilización da pista de pádel será o importe establecido por cada uso e por usuario do servizo.

A reserva da pista realizarse a través da plataforma habilitada a tal efecto.

- A reserva e abono do prezo público de aluguer da pista de pádel se efectuará na plataforma descrita nos horarios de apertura da instalación e con carácter previo a acceder a mesma, aboando a cantidade correspondente.
- A reserva de pista será por hora e media.
- As anulacións de reserva anteriores as 24 horas poderán ser realizadas polos propios usuarios a través da plataforma, sendo os importes reintegrados automaticamente no seu bono-monedero.
- Se por causas imputables ao concello, tivera que cancelarse unha reserva, os afectados terán dereito a recuperar as prezo público aboadas no seu abono-monedero.

O Concello de Guitiriz por si ou a través de entidades con que conveñan poderán desenrolar actividades deportivas tales como torneos, competicións, quedando anulado ou modificado o sistema de reservas ata a conclusión de ditas actividades.

O concello poderá organizar cursos de pádel, nese caso, durante o horario en que se desenrolen os cursos, a pista queda reservada para tal fin.

Disposicións finais.

Primeira. Para o non previsto no presente acordo regulador estarase ao disposto no Real decreto 2/2004,, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Segunda. O presente acordo entrará en vigor e comezará a aplicarse a partir da súa publicación no Boletín oficial da Provincia e continuará vixente ata tanto se acorde a súa derogación ou modificación expresa.”

Guitiriz, 5 de xaneiro de 2023.- A ALCALDESA, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 0118

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL TAXA POLA TRAMITACIÓN DE EXPEDIENTES E EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS. Expte: 446/2022

Aprobado inicialmente a modificación da “Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola tramitación de expedientes e expedición de documentos administrativos do Concello de Guitiriz”por acordo adoptado na sesión plenaria ordinaria de data 22/12/2022, e en cumprimento do disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 17 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais ábrese un período de 30 días contados a partir da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia para que calquera persoa física ou xurídica poida examinar o expediente na Secretaría deste Concello e formular as alegacións ou suxestións que consideren convenientes. Así mesmo comunícase que transcorrido o devandito prazo sen que se produciran alegacións, a modificación da ordenanza considerárase aprobada definitivamente.

Guitiriz, 5 de xaneiro de 2023.- A ALCALDESA, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 0119

Anuncio

APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO ACORDO REGULADOR DO PREZO PÚBLICO SERVIZO CONCILIACIÓN DO CONCELLO DE GUITIRIZ.

Conforme o disposto nos artigos 41, 47 e 127 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público a efectos de coñecemento xeral e publicidade que o Pleno da Corporación na sesión extraordinaria celebrada o día 22 de decembro de 2022 acordou a modificación do Acordo regulador do prezo público polo servizo de conciliación, coa seguinte redacción no artigo 6:

“ARTIGO 6.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

- *50% por razóns sociais e benéficas para aquelas unidades de convivencia con renda per cápita igual ou inferior ao 50% do IPREM no ano en curso.*
- *100% por razóns sociais e benéficas para aquelas unidades de convivencia que carezan de ingresos, revisable por cada período de devengo.*
- *Bonificación do 20% en cada crianza cando acudan máis dun/ha irmá/n.*
- *Bonificación do 20% a familias numerosas e monoparentais/monomarentais. “*

Guitiriz, 5 de xaneiro de 2023.- A ALCALDESA, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 0120

Anuncio

APROBACION DEFINITIVA MODIFICACION ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS (ICIO) DO CONCELLO DE GUITIRIZ. Expte. 307/2020

Sendo aprobado inicialmente a modificación da “Ordenanza fiscal reguladora do imposto de construcións, instalacións e obras (ICIO) do Concello de Guitiriz” por acordo adoptado na sesión plenaria extraordinaria de data 10/11/2022, e transcorrido o prazo de 30 de días de exposición pública sen presentarse alegacións contra este, elévase a definitiva a aprobación inicial e publícase integramente en cumprimento do preceptuado no art. 70.2 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local e no artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, entrando en vigor dende a publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Contra esta disposición administrativa de carácter xeral non caberá recurso en vía administrativa, de acordo co artigo 112.3 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se ben se poderá impugnar directamente diante da xurisdición contencioso-administrativa.

De conformidade co establecido no artigo 46 en relación co 10.1.b), ambos os dous da Lei 29/1998, do 23 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, contra o presente acordo, os interesados poderán interpor recurso contencioso-administrativo diante da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Poderán, así mesmo, interpor calquera outro recurso que estimen procedente ou conveniente.

O texto íntegro da modificación da ordenanza aprobada con carácter definitivo é o seguinte:

“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS (ICIO).

ARTIGO 6. BONIFICACIÓN POTESTATIVAS.

De conformidade co establecido no artigo 103 da Lei Reguladora das Facendas Locais, establécense as seguintes bonificacións na cota do imposto, cando se cumpran os seguintes requisitos:

A) RAZÓN DE INTERÉS ESPECIAL OU UTILIDADE PÚBLICA MUNICIPAL SUSTANCIAIS.

A1.- CIRCUNSTANCIAS SOCIAIS.

Construcións, instalacións ou obras destinadas a explotacións gandeiras, agrícolas e forestais, tales como establos, fosas sépticas, silos, almacéns ou calquera outra, que serva a tales fins, cando concorran as circunstancias seguintes:

- *Inscrición da explotación agraria no REGA (Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia), que se corresponda co solicitante da licenza de obras ou comunicación previa de inicio de obras.*
- *Que o solicitante beneficiario sexa traballador autónomo, Cooperativa ou SAT formadas exclusivamente por persoas físicas.*

En ningún caso se aplicará esta bonificación ás construcións, instalacións e obras de vivendas asociadas á explotación, xa se refiran tanto a novas construcións como ao mantemento das existentes.

A bonificación será do 50% da cota do imposto.

A2.- CIRCUNSTANCIAS CULTURAI E HISTÓRICO-ARTÍSTICAS

Obras de rehabilitación de edificios ou elementos protexidos polo Plan Xeral de Ordenación do Concello de Guitiriz.

Obras, construcións u instalacións realizadas dentro do ámbito da área de rehabilitación integral do Concello de Guitiriz polas obras que son obxecto de subvención dentro do programa do ARI.

A bonificación será do 75% da cota do imposto.

A3.- CIRCUNSTANCIAS DE FOMENTO DO EMPREGO

Construcións, instalacións ou obras realizadas en locais ou parcelas nas que se estableza a actividade xeradora dos postos de traballo e da cal o suxeito pasivo sexa titular, cando concorran as seguintes circunstancias:

1. Se a construción, instalación ou obra se leva a efecto ampliando as instalacións, locais ou fábricas existentes, o outorgamento da bonificación estará condicionado ao aumento do cadro de persoal en relación co existente na porcentaxe que se indica a continuación, e coa bonificación que se sinala:

- a) Aumento do cadro de persoal, en relación co existente no ano anterior á data de solicitude, entre un 10% e un 20% de traballadores indefinidos: a bonificación será do 30% da cota do imposto.*
- b) Aumento do cadro de persoal, en relación co existente no ano anterior á data de solicitude, nunha porcentaxe por encima do 20% e ata o 30% de traballadores indefinidos: a bonificación será do 40% da cota do imposto.*
- c) Aumento do cadro de persoal, en relación co existente no ano anterior á data de solicitude, nunha porcentaxe*

por encima do 30% de traballadores indefinidos: a bonificación será do 50% da cota do imposto.

2. *Se a construción, instalación ou obra é de nova planta, o outorgamento da bonificación estará condicionado á contratación dun número de traballadores con contrato indefinido que se sinala a continuación, con expresión da bonificación, en cada caso:*

- a) *Contratación dun número de traballadores indefinidos, entre 3 e 10: bonificación dun 40% na cota do imposto.*
- b) *Contratación dun número de traballadores indefinidos, entre 10 e 25: bonificación dun 50% na cota do imposto.*
- c) *Contratación dun número de traballadores indefinidos, entre 25 e 40: bonificación dun 60% na cota do imposto.*
- d) *Contratación dun número de traballadores indefinidos, superior a 40: bonificación dun 75% na cota do imposto.*

A4.- CIRCUNSTANCIAS SOCIAIS, CULTURAIS, HISTÓRICO ARTÍSTICAS OU DE FOMENTO DO EMPREGO, DE SUPOSTOS SOLICITADOS E PROMOVIDOS POR ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS (AAPP).

Construcións, instalacións ou obras destinadas a servizos ou actividades públicas, contratadas por Administracións ou entes do Sector Público. A bonificación será de ata o 50% da cota do imposto”.

Para decidir a porcentaxe concreta, o Pleno valorará as consideracións de todo tipo que presente a Administración ou Ente Público solicitante, no marco do artigo 103 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, no que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais e o disposto no presente artigo.

Neste sentido, e sendo de exclusiva aplicación para este apartado, so poderá solicitarse, e en calquera momento, a bonificación por suxeito pasivo contribuínte, e nunca polo substituto do contribuínte. Estas singularidades en orde á bonificación deste apartado A4, non alterna os demais aspectos formais e materiais da posición e obrigas do substituto do contribuínte.

B) OUTRAS BONIFICACIÓNS POTESTATIVAS.

1. Unha bonificación do 50% da cota, a favor das construcións, instalacións ou obras referentes ás vivendas de protección oficial, ó amparo do previsto no artigo 103.2.d) da Lei de Facendas Locais, cando se acredite, mediante a correspondente cualificación outorgada polo Órgano competente da Xunta, que o destino do inmovible sexa a construción de vivendas sometidas a algún réxime de protección pública.

A bonificación só alcanzará a parte da cota correspondente a vivendas protexidas cando se trate de promocións mixtas nas que se inclúan vivendas protexidas e vivendas de renda libre.

2. Unha bonificación do 90% da cota, o amparo do previsto no artigo 103.2 da Lei de Facendas Locais, cando se trate de obras para a eliminación de barreiras arquitectónicas ou adaptación de vivendas ás necesidades derivadas da situación das persoas discapacitadas que as habitan.

C) ASPECTOS FORMAIS XENÉRICOS.

1. A petición da declaración da construción, instalación ou obra como de especial interese ou utilidade pública municipal, poderá instarse dende a petición da licenza ou a presentación da declaración responsable ou comunicación de inicio ata o momento do outorgamento da licenza de primeira utilización.
2. Corresponde dita declaración de interese especial ou de utilidade pública municipal ao Pleno Municipal co voto favorable da maioría simple dos seus membros.
3. Esta bonificación aplicarase exclusivamente sobre a parte do orzamento das obras que corresponda ás obras ou instalacións que se realicen con esta finalidade, e que sexan obxecto de proxecto de reforma nos que non sexan esixibles ou regulamentariamente.

Se a bonificación fora concedida a Administración municipal practicarás a liquidación correspondente que a notificará o interesado.

A presentación da solicitude de bonificación fora do prazo sinalado non suspenderá os actos de xestión liquidatoria e de recadación. Non obstante, o suxeito pasivo poderá solicitar a devolución do exceso ingresado se posteriormente fora recoñecida a bonificación.

Estas bonificacións serán compatibles entre si, sen poder superar en ningún caso o importe da cota tributaria.

As solicitudes de bonificacións serán dirixidas á Alcaldía do Concello de Guitiriz quen requirirá os informes que poidan ser precisos, incluíndo o Informe de Intervención sobre a repercusión da bonificación de acordo coa Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.”

Guitiriz, 10 de xaneiro de 2023.- A ALCALDESA, Marisol Morandeira Morandeira.

*Anuncio***APROBACION DEFINITIVA MODIFICACION ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA (PAI). Expte. 1109/2020**

Sendo aprobado inicialmente a modificación da “*Ordenanza fiscal reguladora da taxa do Punto de Atención á Infancia (PAI)*” por acordo adoptado na sesión plenaria extraordinaria de data 10/11/2022, e transcorrido o prazo de 30 de días de exposición pública sen presentarse alegacións contra este, elévase a definitiva a aprobación inicial e publícase integramente en cumprimento do preceptuado no art. 70.2 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local e no artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, entrando en vigor dende a publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Contra esta disposición administrativa de carácter xeral non caberá recurso en vía administrativa, de acordo co artigo 112.3 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se ben se poderá impugnar directamente diante da xurisdición contencioso-administrativa.

De conformidade co establecido no artigo 46 en relación co 10.1.b), ambos os dous da Lei 29/1998, do 23 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, contra o presente acordo, os interesados poderán interpor recurso contencioso-administrativo diante da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Poderán, así mesmo, interpor calquera outro recurso que estimen procedente ou conveniente.

O texto íntegro da modificación da ordenanza aprobada con carácter definitivo é o seguinte:

“*ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA (PAI)*.”

Artigo 6: Taxas:

Prezo da atención educativa: 169.26 €

Aplicación dos prezos públicos en función dos tramos da renda a efectos múltiples (IPREM):

- *Rendas inferiores ao 30 € IPREM: 0.00 €*
- *Rendas entre o 30 % e o 50% IPREM: 0.00 €*
- *Rendas entre o 50 % e o 75% IPREM: 34.91 €*
- *Rendas entre o 75% e o 100% IPREM: 69.81€*
- *Rendas entre o 100% e o 125% IPREM: 112.13 €*
- *Rendas entre o 125% e o 150% IPREM: 133.29 €*
- *Rendas entre o 150% e o 200% IPREM: 147.05 €*
- *Rendas superiores ao 200% IPREM: 169.26 €”*

O artigo 7 quedaría do seguinte xeito:

“*Artigo 7: Bonificacións e exencións:*

- *Familias numerosas: 20% desconto*
- *Familias monoparentais/monomarentais: 20% desconto*
- *Cando asistan varios irmáns, o segundo e sucesivos: 20%*
- *Quedan exentos de pago as familias acolledoras de menores con medidas administrativas de tutela ou garda.”*

Guitiriz, 11 de xaneiro de 2023.- A ALCALDESA, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 0147

GUNTÍN*Anuncio*

Por Decreto da Alcaldía de 12dexaneirode 2023, prestouse aprobación inicial ao Padrón da taxa polo abastecemento de auga a domicilio, no que se inclúe o canon da auga correspondente ao terceiro bimestre do ano 2019.

Exponse ao público polo prazo de 15 días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

Recurso: Contra o Decreto de aprobación do padrón da taxa polo abastecemento de auga a domicilio, poderá interperse recurso de reposición.

Prazo de presentación do recurso: Un mes contado desde o día seguinte ao da finalización do periodo de exposición ao público dos padróns.

Órgano ante o que se recorre. Alcaldesa-Presidenta do Concello de Guntín.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, que no seu caso se formule, poderá interperse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establezan na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo dun mes desde que se entende producida a notificación.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobro dos mesmos, os recibos seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, e fíxase como período de cobro voluntario o prazo de dous meses, desde o 13 de xaneiro de 2023 ata o 13 de marzo de 2023. Finalizado o exercicio pasarase ao seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Facenda Pública, Lei Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

No tocante ao canon da auga, a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do padrón e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Guntín, 12 de xaneiro de 2023.- A Alcaldesa, María José Gómez Rodríguez.

R. 0122

LUGO

Anuncio

DECRETO Nº 253/2023 do 13/01/2023

Ima. Sra. Dona MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.

- A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o 12 de maio de 2021 adoptou, entre outros, o acordo 12/281 APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE DIRECTOR/A GARDERÍA MUNICIPAL PERTENCENTE Ó CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (OEP 2020)

- Decreto Nº 3478/2022 do 28/03/2022, polo que se resolveu convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de Director/a Gardería Municipal pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda promoción interna (OEP 2020)

Dito decreto foi publicado no "Boletín Oficial da Provincia de Lugo" número 083, do 11 de abril de 2022, e extracto del no "Diario Oficial de Galicia" número 106, do 3 de xuño de 2022. O anuncio para prover a praza obxecto desta convocatoria foi publicado no "Boletín Oficial do Estado" núm. 147, do 21 de xuño de 2022.

Unha vez rematado o proceso selectivo, o Tribunal cualificador en sesión celebrada o 29.12.2022, ACORDA:

Elevar ao órgano competente para os efectos da súa publicación no BOP de Lugo a relación de probados no proceso selectivo dunha praza de Director/a Gardería Municipal pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda promoción interna (OEP 2020)

Dona María Eugenia Fernández Touzón., con DNI nº ***5362** Puntuación total: 14.875

A aspirante disporán dun prazo de 5 días hábiles para presentar alegacións contra as cualificacións finais do proceso selectivo e relación de aprobados, que serán resoltas polo Tribunal.

Contra as resolucións e actos de trámite do tribunal, se estes últimos deciden directa ou indirectamente o fondo do asunto, determinan a imposibilidade de continuar o procedemento, producen indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Xunta de Goberno Local. O prazo de interposición será dun mes.

En base ás atribucións reservadas por acordo nº 28/452 da Xunta de Goberno Local celebrada en sesión ordinaria do día 17/07/2019, a Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos **RESOLVE**:

PRIMEIRO.- Facer pública a relación do aspirante aprobado no referido procedemento selectivo, de conformidade coa base décimo oitava das Bases Xerais para o acceso en propiedade a prazas pertencentes ó cadro de funcionarios e de persoal laboral do excmo. concello de Lugo en quenda de promoción interna, aprobadas pola Xunta de Goberno Local día 2 de xuño de 2010 e modificadas polo citado órgano o 22 de decembro de 2010, 15 de outubro de 2014 e 5 de decembro de 2018:

DIRECTOR/A GARDERÍA MUNICIPAL:

Dona María Eugenia Fernández Touzón., con DNI nº ***5362**

SEGUNDO.- A opositora aprobada, de conformidade coa base decimo novena das Bases Xerais referidas, deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello ou na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (coa excepción establecida na súa disposición final sétima), os seguintes documentos acreditativos das condicións de capacidade e demais requisitos esixidos na convocatoria:

- a) Fotocopia compulsada do documento que acredite posuír a titulación esixida.
- b) Declaración xurada de non estar separado do servizo das administracións públicas e non estar incurso nalgún punto das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- c) Certificado que acredite non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal exercicio da función.
- d) Dúas fotografías tamaño carné.

Quen tivese xa a condición de funcionario público estará exento de xustificar as condicións e os requisitos acreditados para obter o seu anterior nomeamento, e deberá presentar soamente unha certificación que acredite a súa condición de funcionario e demais circunstancias que constan no seu expediente persoal e a xustificación dos requisitos específicos esixidos para o acceso.

Os/as aspirantes aprobados que, dentro do prazo indicado, agás casos de forza maior, non presentasen a documentación esixida ou dela se deducise que carecen dos requisitos esixidos nas correspondentes convocatorias, non poderán ser nomeados, e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade na súa instancia.

TERCEIRO - Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.
- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

R. 0123

PANTÓN

Anuncio

-De conformidade codisposto no artigo 59.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réximen Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, non sendo posible a notificación no último domicilio coñecido e ignorando o lugar de notificación faise pública o Decreto da Alcaldía de data 11 de xaneiro de 2023 pola cal procédese á a declaración de baixa de oficio por non residir no citado inmovible da cal se relacionan no anexo adxunto, sendo a súa parte dispositiva a seguinte:

PRIMERO.- Declarar a baixa da inscrición padroal das persoas que se relaciona no anexo, acordando a súa baixa no vixente Padrón Municipal de Habitantes deste Municipio, con efectos da data en que lles sea notificada a presente resolución, ben persoalmente ou mediante a súa publicación no Taboleiro de Edictos deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia.

SEGUNDO.- Comunicar ao INE a correspondente baixa no ficheiro mensual de variacións.

-Iniciar expediente de baixa de oficio a nome de:

PASAPORTE	Apelidos e nome	ENDEREZO
P087553754	DENIS IONUT PAPÁN	R/ OURNSE, 30-2º B-O CASTRO DE FERREIRA
P 087553755	RAQUEL SONIA PAPÁN	R/ OURENSE, 30-2º B-O CASTRO DE FERREIRA
44472587V	MARCOS GÓMEZ NOVOA	R/ CHAO FALCÓN, 44-O CASTRO DE FERREIRA
44485860L	JENIFER ROMAY SILVA	R/ CHAO FALCÓN, 44-O CASTRO DE FERREIRA

TERCEIRO - Acordar a baixa no Padrón municipal de habitantes das inscricións que antecedem, que terá efectos desde a data da notificación da presente resolución.

CUARTO.- Notifíquelles a presente resolución ás partes interesadas coa indicación de que esta pon fin á vía administrativa e que contra ela poden interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso de reposición, potestativo, ante o Ilmo. Sr. Alcalde no prazo dun mes contado a partir do día seguinte a aquel no que se reciba a presente notificación (art. 107, art. 116 e art. 117 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro).
- Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da notificación da presente resolución ou, de ser o caso, dous meses a partir da notificación da resolución expresa do recurso de reposición. No caso de que non se produza esta resolución expresa, o prazo será de seis meses, contados dende o seguinte a aquel no que se produza o acto presunto (art. 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, art. 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro).
- Tamén poderá interpoñer calquera outro recurso que considere procedente en defensa dos seus intereses". Así mesmo, a teor do establecido no art. 61 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ponse en coñecemento de todas aquelas persoas interesadas que, no PRAZO DE DEZ DÍAS a partir da publicación do presente anuncio, poderán solicitar copia do texto íntegro do devandito acto.

Pantón, 11 de xaneiro de 2023.- O Alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

R. 0124

PEDRAFITA DO CEBREIRO

Anuncio

O pleno do Concello de Pedrafita do Cebreiro, en sesión ordinaria celebrada en data 12 de xaneiro de 2023, aprobou inicialmente o expediente de crédito extraordinario nº1/CE/2023, Modificación orzamentaria nº1/2023, o que de conformidade co establecido no artigo 177, en relación do 169 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, exponse ó público por prazo de quince días, durante os cales, os interesados poderán examinalos e presentar as reclamacións ante o pleno.

Pedrafita do Cebreiro, 13 de xaneiro de 2023.- O alcalde, José Luís Raposo Magdalena.

R. 0125

RÁBADE

Anuncio

Por resolución do Alcalde do Concello de Rábade de data **12 de xaneiro de 2023** prestouse aprobación ao Padrón da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes **de decembro de 2022**, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Rábade, 12 de xaneiro de 2023.- O Alcalde, Francisco Xosé Fernández Montes.

R. 0126

RIBADEO

Anuncio

Aprobado por Resolución da Alcaldía-Presidencia de data 9 dexaneiro de 2023 o Padrón para o cobro conxunto das taxas por subministro de augas, recolleita de lixo e sumidoiros para o bimestre **SETEMBRO-OUTUBRO 2022**, exponse ao público a efectos de exame e reclamacións por prazo de 15 días hábiles, e queda aberto o prazo de cobro en vía voluntaria por prazo de 60 días a contar dende o día seguinte á publicación deste anuncio no B.O.P.

A falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga e coeficiente de vertedura directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, a repercusión do canon da auga e coeficiente de vertedura poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes desde que se entenda producida a notificación.

Esta obriga aparece no artigo 49.7 do citado regulamento do canon da auga (Anexo do Decreto 136/2012)

Ribadeo, 9 de xaneiro de 2023.- O ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA.

R. 0127

VILALBA

Anuncio

Elévase a definitivo, por non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición pública, o acordo de aprobación inicial adoptado polo Pleno, na súa **sesión ordinaria** celebrada o día 24/11/2023 da **modificación das Ordenanzas fiscais números 11 e 16, reguladoras respectivamente das taxas da rede de sumidoiros e pola prestación do servizo de administración de auga (Tarifas 2023). Exptes. 4482 e 4482/2022**, publicado no BOP nº 273 do 29/11/2022, insertándose de seguido o seu texto íntegro, no cumprimento do estipulado no art. 49 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Ordenanza fiscal número 11, reguladora da taxa pola prestación do servizo da rede de sumidoiros.

ARTIGO 5. COTA TRIBUTARIA.

ANO 2023

1. TARIFAS DO SERVIZO DE SANEAMENTO

a) **Subscritores con servizo municipal de abastecemento de auga**

Mínimo trimestral (24 m³/trim) 6,8544 €/ab.trim

Por cada m³ facturado en abastecemento 0,2856 €/m³

b) **Subscritores sen contador ou sen servizo municipal de abastecemento de auga (cuxo consumo estea próximo á media do resto dos subscritores)**

- COTA FIXA

- Uso doméstico

(para unha media de 12 m³/abon.mes) 10,2940 €/ab.trim

- Uso comercial

(para unha media de 12 m³/abon.mes) 10,2940 €/ab.trim

- Uso industrial, hostalaría, obras e outros

(para unha media de 22 m³/abon.mes) 18,8706 €/ab.trim

c) **Abonados con subministración non procedente da rede municipal de abastecemento e cun consumo moi superior á media do resto dos subscritores.**

Aqueles subscritores/industrias que para o seu proceso de traballo ou produción utilicen medios propios de abastecemento de auga, exclusivamente ou conxuntamente coa auga da rede municipal e vertan á rede de sumidoiros un caudal superior ao consumido da rede municipal, instalarán ao seu cargo aparellos para medida do caudal vertido á rede. Esta medición servirá de base para a facturación.

De mutuo acordo entre empresa e concesionario do servizo de augas se poderá realizar un auditorio do caudal vertido para os efectos de facturación.

Por cada m³ de vertedura, medido ou aforado 0,2856 €/m³

2. PREZO DE ACOMETIDAS DE SANEAMENTO.

Ud. de acometida de auga residual formada por arqueta de saída, canalización de P.V.C. Ø 160/200/5 atm. incluída escavación, recheo, demolición e reposición de firme, así como conexión a pozo/colector existente con peza estanca específica para unha lonxitude máxima de 5 m. e unha profundidade máxima de 1,50 m.

GABIA EN TERRA	441,45 €/ud
GABIA EN ASFALTO	510,77 €/ud
GABIA EN BEIRARRÚA	561,01 €/ud

NOTA: todos estes prezos veranse gravados co IVE correspondente.

Ordenanza fiscal número 16, reguladoras das taxas pola prestación do servizo de subministración de auga.

Artigo 5.- COTA TRIBUTARIA. BASE IMPOÑIBLE. TARIFA:

ANO 2023

1.- TARIFAS DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO.

Mínimo trimestral:	24 m3/trim.	11,6136 €/ab.trim
Mínimo de consumo:	24 m3/trim.	0,4839 €/m3
1º bloque: máis de	24 a 30 m3/trim.	0,5538 €/m3
2º bloque: máis de	30 a 40 m3/trim.	0,7024 €/m3
3º bloque: máis de	40 m3/trim	0,7865 €/m3

2. COTA DE CONSERVACIÓN DE CONTADORES.

Cota mensual 0,5772 €/ab.mes

3. ACOMETIDAS DE ABASTECIMENTO.

Faise o cálculo en base á acometida normal de 5,00 m. de lonxitude máxima (1 a 5 m).

MATERIAIS

- Ud. de Collarín de toma
- Ud. de enlaces
- Tubaría de P.E.B.D: 1 a 5 m.
- Ud. de chave de paso
- Tapa de fundición de 15 X 25 cm.

OBRA CIVIL

- Ud. de arqueta para colocación de tapa de 15 X 25.
- 1 a 5 m.l. de gabia (apertura, peche e reposición de pavimento).

(Fanse prezos diferentes dependendo do diámetro da acometida e do tipo de reposición a realizar na gabia).

Ø Acometida	Terra(A)	Asfalto(B)	Baldosa-beirarrúa(C)
¾"	219,52 €	282,54 €	336,48 €
1"	238,84 €	302,47 €	354,71 €
1¼"-11/2"	287,32 €	350,59 €	403,87 €
2"	341,95 €	403,87 €	457,80 €

Incremento no prezo da acometida para lonxitudes superiores a 5 m.

Acometidas de máis de 5 m.	¾"	1"	11/4"-11/2"	2"
(A) Incremento € por m.	10,29	12,08	17,19	28,88
(B) Incremento € por m.	22,69	24,44	29,61	41,27
(C) Incremento € por m.	27,28	28,96	34,14	45,80

4.- CONTADORES.

4.1. Instalación en batería de contadores ou similar.

- Contador de 13-15 mm./20 mm.
- Válvula antirretorno
- Pezas de conexión

Prezo contador instalado

- Contador de 13/15 mm. 89,75 €/ud
- Contador de 20 mm. 112,45 €/ud

4.2. Contador diámetro superior a 20 mm.

Para contadores de diámetros superiores, farase presuposto con anterioridade.

4.3. Tarifa de contadores (sen colocación).

TARIFA DE CONTADORES (Sen colocación)

Ø 13/15 mm	66,83 €/unidade
ø 20 mm	89,99 €/unidade
Ø 25 mm	146,25 €/unidade
ø 30 mm	204,88 €/unidade
ø 40 mm	317,69 €/unidade
ø 50 mm	693,92 €/unidade
ø 65 mm	860,25 /unidade

5. XESTIÓN DE COBRO A IMPAGADOS.

- Cobro aos aboados morosos dos gastos ocasionados polo expediente e a comunicación dos recibos pendentes de pago. 4,805 €/ud.

6. FIANZAS NAS ALTAS DOS CONTRATOS DE AUGA.

- Para subministracións domésticas ou comerciais 35,76 €/alta
- Para subministración industrial ou de obra. 80,49 €/alta

7. DESPRECINTADO DE CONTADOR

- Por desprecintado dun contador: precintado por baixa voluntaria ou por expediente de corte de subministro. 36,77 €/ud.

8. CONEXIÓN Á REDE DE ABASTECIMENTO E PRECINTADO DOS RACORES DO EQUIPO DE MEDIDA

- Por conexión á rede dun contador instalado por persoal alleo ao servizo municipal de augas e precintado dos racores. 36,77 €/ud.

9.- COMPROBACIÓN DE CONTADOR DO ABOADO CON CONTADOR PATRÓN

- A petición do aboado: por comprobación da medición do contador do aboado co contador patrón. 36,77 €/ud.

(Todos os prezos se verán gravados co IVE correspondente)

Vilalba, 16 de xaneiro de 2023.- A Alcaldesa, Elba Veleiro Fernández.

R. 0128